

PLAN ANUAL 2014 DA COOPERACIÓN GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO



Dirección Xeral de Relacións

Exteriores e coa UE

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza. Xunta de
Galicia



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS EN ANOS ANTERIORES
3. NOVAS ACTUACIÓNS PARA O ANO 2014
4. ORZAMENTOS 2014

1.INTRODUCCIÓN

Co Plan Anual 2014 da Cooperación Galega iníciase a vixencia do III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017. No Plan recóllense os compromisos, os medios de actuación e os recursos orzamentarios do goberno galego para este ano, de acordo coas orientacións establecidas no devandito Plan Director.

Neste Plan só se contemplan, de maneira resumida, as actuacións incluídas no programa orzamentario 331A: *Cooperación exterior* da DXRREE e UE, sen prexuízo de que ao longo do ano outros departamentos da Xunta de Galicia poidan desenvolver actuacións en materia de cooperación cuxa valorización se realizará ao final do exercicio.

A dotación para o ano do programa 331A é de 4.143.379 €. Aínda que o orzamento non varía respecto do pasado ano, cómpre sinalar que o compromiso de gasto adquirido no ano 2013 acadaba os 3.275.406 €, polo que o orzamento dispoñible para novas actuacións (unha vez descontados os gastos de persoal) foi de 460.000 €. Polo contrario, polo que respecta ao orzamento para 2014, dado que o compromiso de gasto de anos anteriores redúcese a 449.225 €, o orzamento proposto para cooperación (4.143.379 €) permitirá, ademais de cubrir os gastos de persoal da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, destinar a novas actuacións 3.286.181 €.

Polo tanto, a non diminución dos fondos permitirá iniciar o período de execución do III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017 cun orzamento co que se poderán realizar actuacións en todos os eidos a través dos diferentes instrumentos de financiamento.

Sinalar finalmente que, en aras de manter unha coherencia co III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017, as diferentes actuacións que se ten previsto iniciar no ano 2014 relaciónanse xa cos resultados de xestión recollidos no Plan Director.

2. CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS EN ANOS ANTERIORES

Debido aos compromisos orzamentarios adquiridos nas convocatorias publicas do ano 2012, a Dirección Xeral de RR.EE. e coa UE contou no 2013 cun orzamento operativo reducido para novas actuacións, o que so lle permitiu publicar a **convocatoria de educación para o desenvolvemento**, asinar un **convenio de colaboración coa Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR)**, e manter a **colaboración con Augas de Galicia** para un proxecto en Mozambique, en virtude dun convenio asinado do 2012.

A **educación para o desenvolvemento** é un valor engadido da cooperación descentralizada que cómpre potenciar dende a cooperación galega, tendo en conta, ademais, que a meirande parte das ONGD galegas traballan neste eido como unha das súas liñas estratéxicas.

Como resultado da convocatoria publicada no 2013, aprobáronse un total de **17 proxectos**, con financiamento bianual, de tal xeito, que o orzamento total comprometido para o ano 2014 ascende a 291.225 €.

Así mesmo, no ano 2013 mantívose a **colaboración coa Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR)**, asinando un novo convenio para dar continuidade ao Plan de Formación de Pescadores Artesanais (PROFOPAC) que se está a executar co financiamento da cooperación galega dende o ano 2006, co fin de afondar no desenvolvemento das capacidades como unha ferramenta clave para o desenvolvemento social e produtivo do sector da pesca de pequena escala na rexión centroamericana.

O obxectivo do convenio foi contribuír ao desenvolvemento social e económico sostible e á seguridade alimentaria da rexión

centroamericana a través da profesionalización dos recursos humanos vinculados ao sector da pesca e a acuicultura de pequena escala.

A dotación financeira comprometida para o ano 2014 no marco do convenio asinado co CETMAR ascende a 120.000 €.

Finalmente, mantense a **colaboración con Augas de Galicia** para a continuidade na execución do proxecto “Parcería para o Apoio Técnico á Consolidación da Administración Rexional de Augas do Norte (Ara-Norte), Mozambique”, que está a recibir un financiamento comunitario de 393.980 € en tres anos.

O obxecto deste convenio, asinado en 2012, é o de garantir o desenvolvemento da xestión dos recursos hídricos e das infraestruturas hidráulicas en Mozambique, contribuíndo á redución da pobreza da poboación, mellorando a realización das atribucións do ARA-Norte, establecidas no seu estatuto orgánico, nas concas hidrográficas internas de Montepuez, Messalo e Megaruma.

O cofinanciamento da Xunta de Galicia a este proxecto ascende a 138.000 €, dos que no 2014 chegaranse 38.000 € con cargo os orzamentos de cooperación exterior.

En resume, cos orzamentos de cooperación para 2014 asegurárase a cobertura financeira dos **compromisos adquiridos** con anterioridade, que no seu conxunto se elevan a **449.225 €**.

3. NOVAS ACTUACIÓNS PARA O ANO 2014

Para o ano 2014 a Cooperación Galega conta cun orzamento de **4.143.379 €**, no que os compromisos procedentes do ano 2013 so acadan un total de 449.225 €. Polo tanto, e tendo en conta que os gastos de persoal ascenden a 407.973€, a **capacidade orzamentaria** para acometer novas actuacións no ano 2014 **elévase a 3.286.181€**.

A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE priorizará novamente no ano 2014 as convocatorias públicas de axudas, de acordo co establecido no III Plan Director.

As actuacións previstas para o ano 2014, de acordo cos resultados de xestión previstos no III Plan Director, centraranse nos seguintes ámbitos:

- **Convocatorias de subvencións para proxectos de cooperación no exterior de ONGD e outros axentes de cooperación**

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos no exterior das ONGD e das universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos e comunidades galegas no exterior que teñan a condición de axentes de cooperación.

A **dotación total** da convocatoria que se publicará no 2014 será de **3.650.000 €** (1.900.000 € para 2014 e 1.750.000 € para 2015), de acordo coa seguinte distribución:

- Proxectos de cooperación de ONGD: 1.000.000 € con cargo ao capítulo IV e 400.000 con cargo ao capítulo VII para 2014 e 1.000.000 € con cargo ao capítulo IV e 400.000 con cargo ao capítulo VII para 2015.
- Proxectos de cooperación de OOAA: 300.000 € con cargo ao capítulo IV e 50.000 con cargo ao capítulo VII para 2014 e

300.000 € con cargo ao capítulo IV e 50.000 con cargo ao capítulo VII para 2015.

- Microproxectos de cooperación de ONGD: 80.000 € con cargo ao capítulo IV e 70.000 con cargo ao capítulo VII para 2014.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 2 que establece que *a Cooperación Galega concentra a súa axuda no exterior con criterios de eficacia*, no RX 3 que establece que *a Cooperación Galega especializa a súa axuda nos sectores nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas* e no RX 4 que establece que *os actores e axentes da Cooperación Galega coordinan e complementan as súas actuacións para contribuír aos resultados de desenvolvemento da cooperación española*.

• Convocatoria de subvencións para proxectos de Educación para o Desenvolvemento (EpD) promovidos polas ONGD

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos dentro de tres das catro dimensións que forman parte da educación para o desenvolvemento:

- Sensibilización, concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza.
- Formación sobre o desenvolvemento, difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento.
- Mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

A **dotación total** da convocatoria do ano 2014 será de **312.500 €** (125.000 € para 2014 e 187.500 € para 2015).

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 7 que establece que *a Cooperación Galega mellora a planificación e xestión das actuacións en educación para o desenvolvemento*.

- **Convocatoria de subvencións para proxectos de fortalecemento de ONGD**

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento, para mellorar a capacidade de xestión das áreas internas da organización e a xestión da base social da organización en Galicia.

A **dotación total** da convocatoria do ano 2014 será de **160.000 €** (80.000 € para 2014 e 80.000 € para 2015).

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 5 que establece que *os actores e axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para un maior alcance das súas actuacións.*

- **Bolsas de formación de expertos en cooperación internacional para o desenvolvemento**

Dende hai anos a Xunta de Galicia fai unha aposta clara para a profesionalización do sector da cooperación galega que redunde nunha mellora da calidade da mesma, a través do financiamento das bolsas de formación de expertos en cooperación para o desenvolvemento que permiten aos beneficiarios/as completar a súa formación con estadías, tanto no terreo como na sede da Dirección Xeral competente na materia.

Este investimento dirixido á mellora das capacidades destas persoas, ten un retorno a medio e longo prazo para todo o sistema de cooperación e reforza as relacións entre a Xunta de Galicia e outras institucións a través das que se articulan estas bolsas, o que leva a facer máis eficaz a cooperación.

Para o ano 2014 convocaranse 8 bolsas, de carácter plurianual, para garantir que os beneficiarios gocen dun ano completo de formación, dúas das cales se desenvolverán na sede da dirección xeral en Santiago de Compostela e as seis restantes no exterior, nas oficinas técnicas de cooperación da AECID ou nas delegacións das axencias de Nacións Unidas coas que se veén colaborando nos anos anteriores (FAO e ONU MULLERES).

O **orzamento previsto** para as bolsas é de **159.100 €** (94.000 € para 2014 e 65.100 € para 2015).

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 5 que establece que os *actores e axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para un maior alcance das súas actuacións.*

• **Actuacións de Acción Humanitaria**

As actuacións para dar cumprimento aos obxectivos estratéxicos establecidos no Plan Director durante o ano 2014 serán as seguintes:

- Publicarase unha **convocatoria anual, aberta e permanente**, cunha dotación de **300.000 €**, que fixe criterios claros de concesión de axudas, co que se aumenta a capacidade da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior para liderar unha acción humanitaria galega de calidade.
- Asinarase un **convenio de colaboración coa Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento** para regular a creación dun Fondo Humanitario Común ao abeiro do Acordo Marco asinado no 2013 coa Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento. A dotación de este convenio para o ano 2014 será de **50.000 €**.
- Asinarase un novo **convenio de colaboración con Farmamundi**, a través do cal xestionarase un fondo de emerxencias, dotado

material e economicamente, que permitirá dar resposta rápida e eficaz ante emerxencias, mellorando así a axilidade e eficacia da resposta humanitaria galega. Este fondo faise efectivo grazas ao acordo de colaboración establecido con FARMAMUNDI, para o que se prevé unha dotación de **50.000 €**.

- Asinarase un **convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS)**, co obxectivo de mellorar as condicións de vida da poboación refuxiada saharauí, que por primeira vez terá unha asignación específica no orzamento da Cooperación Galega, cunha dotación para o ano 2014 de **100.000 €**.
- Como en anos anteriores e co fin de promover a presenza da Cooperación Galega na acción multilateral estableceranse **acordos de actuación con ACNUR e UNRWA** (cos respectivos comités españois) por un total de 40.000 €.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 3 que establece que *a Cooperación Galega especializa a súa axuda nos sectores nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas*.

• **Colaboración coas universidades**

Dentro do sistema galego de cooperación, as universidades galegas teñen un gran potencial na xeración do coñecemento experto, así como unha capacidade notable para constituírse en espazos de formación, non só de saberes técnicos, senón tamén de valores cidadáns, o que as converte nun axente de cooperación fundamental de cara á consecución do obxectivo xeral de incrementar o apoio á investigación e á formación no sector da cooperación

No ano 2014 retomarase a colaboración coas universidades galegas nos eidos da investigación, formación e sensibilización en materia de desenvolvemento e cooperación, do seguinte xeito:

- *Convocatoria de subvencións para proxectos de investigación liderados polas universidades galegas*

Por primeira vez publicarase unha convocatoria específica de axudas para proxectos de investigación dirixida aos grupos e centros de investigación das universidades galegas co fin de potenciar e impulsar esta dimensión da educación para o desenvolvemento. Desta convocatoria poderán beneficiarse tamén as ONGD e os outros axentes de cooperación sempre que se presenten en agrupación coas universidades, que serán as que deberán liderar os proxectos de investigación.

A **dotación total** da convocatoria será de **150.000 €** (75.000 € para 2014 e 75.000 € para 2015).

- *Apoio á formación, á investigación e á sensibilización no ámbito universitario*

Apoiaranse as iniciativas que fomenten a colaboración entre as universidades do Sistema Universitario de Galicia para levar adiante accións conxuntas nas materias de formación e de sensibilización no eido do desenvolvemento, a través da sinatura dun ou varios convenio de colaboración, para o que se destinarán **100.000 €**.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 5 que establece que os *actores e axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para un maior alcance das súas actuacións* e no resultado de xestión (RX) 6 que establece que a *ciudadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da Cooperación Galega na loita contra a pobreza*.

- **Convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD**

Ademais do fortalecemento específico das ONGD como actores destacados da cooperación galega, continuarase co apoio financeiro ás actuacións que nese ámbito se promovan dende a Coordinadora Galega de ONGD, polo seu papel como representante dunha gran maioría do sector que permite facilitar a coordinación entre os distintos actores e a articulación de iniciativas conxuntas.

En cumprimento do obxectivo de fortalecemento do sector, asinarase un ano máis un convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD como entidade que agrupa a 46 organizacións con presenza na nosa Comunidade Autónoma e que actúa como representación delas diante das institucións, na defensa do Código de Conduta e na formación, a sensibilización e a busca da implicación da sociedade galega na superación da pobreza na que viven millóns de persoas no mundo. Con este convenio estase a contribuír ao incremento da coordinación entre os actores da cooperación galega.

O obxectivo do convenio será, por unha banda, fortalecer o tecido das ONGD galegas e a propia Coordinadora, a través de diversas accións como prestar servizos de información e apoio técnico ás ONGD, asistencia a xuntanzas con institucións, organización de eventos, promoción de mesas de diálogo, etc, e por outra, mellorar a promoción de actuacións en materia de educación para o desenvolvemento.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 5 que establece que *os actores e axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para un maior alcance das súas actuacións* e no resultado de xestión (RX) 7 que establece que *a Cooperación Galega mellora a planificación e xestión das actuacións en educación para o desenvolvemento*.

A **dotación financeira** prevista para este convenio en 2014 será de **90.000 €**.

- **Convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**

No mesmo senso que no convenio coa Coordinadora Galega de ONGD, este ano asinarase novamente un convenio co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (Fogacosol) como entidade plural que agrupa na actualidade a 98 concellos e ás deputacións provinciais da Coruña e Lugo, comprometida coa idea de cooperar en Galicia para ser máis eficaces na cooperación con terceiros países, impulsando un maior compromiso por parte das entidades locais coa cooperación para o desenvolvemento, nun marco máis estable e permanente.

O obxectivo do convenio será sensibilizar ás entidades pertencentes ao Fondo e dar a coñecer o traballo que desenvolve no ámbito da cooperación municipalista ás entidades sociais e á sociedade galega en xeral e reforzar a rede humana e organizativa do propio Fondo.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 5 que establece que *os actores e axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para un maior alcance das súas actuacións* e no resultado de xestión (RX) 7 que establece que *a Cooperación Galega mellora a planificación e xestión das actuacións en educación para o desenvolvemento*.

A **dotación financeira** para este convenio en 2014 é de **40.000 €**.

- **Convenios de colaboración coa Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR)**

Tanto pola experiencia acumulada ao longo destes anos como polas súas vantaxes comparativas, o sector pesqueiro é o sector estratéxico por excelencia para a Cooperación Galega. A especialización de Galicia en ámbitos como a pesca e acuicultura facilita a transferencia de coñecementos e tecnoloxía, e o fortalecemento das institucións

pesqueiras dos nosos socios nos países do Sur, garantindo un mellor aproveitamento e xestión integral sustentable dos seus recursos pesqueiros e acuícolas.

A Consellería do Medio Rural e do Mar mantén unha sólida aposta por unha política de cooperación internacional neste ámbito. Tanto a Consellería como a Dirección Xeral de RR.EE. e coa UE colaboran activamente a través do CETMAR no desenvolvemento de proxectos conxuntos. Para o ano 2014 seguirase a colaborar co Cetmar no desenvolvemento de proxectos de asistencia técnica que faciliten a transmisión de coñecementos e tecnoloxía aos países do Sur.

A **dotación financeira** prevista para estes convenios no ano 2014 será de **153.406 €**.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 2 que establece que *a Cooperación Galega concentra a súa axuda no exterior con criterios de eficacia* e no RX 3 que establece que *a Cooperación Galega especializa a súa axuda nos sectores nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas*.

• **Colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Plan Proxecta**

O *Plan Proxecta* é unha iniciativa de innovación educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa que busca a integración na planificación anual dos centros de programas postos en marcha por entidades alleas ao sistema educativo.

No ano 2013 tres ONGD galegas, lideradas por Solidariedade Internacional de Galicia, iniciaron a execución do programa *Cooperación Galega. O mundo que queremos*, ao abeiro do Plan Proxecta, en 5 institutos galegos.



Para o ano 2014, levarase a cabo un novo proxecto encadrado neste programa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, cunha dotación prevista de 50.000 € (20.000 € para 2014 e 30.000 € para 2015)

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 4 que establece que *os actores e axentes da Cooperación Galega coordinan e complementan as súas actuacións para contribuír aos resultados de desenvolvemento da cooperación española* e no resultado de xestión (RX) 7 que establece que *a Cooperación Galega mellora a planificación e xestión das actuacións en educación para o desenvolvemento*.

- **Procura activa de fontes de financiamento externo e alianzas publico privadas de desenvolvemento**

Afondarase nas actuacións iniciadas no ano 2010 para aproveitar as posibilidades de financiamento ofertadas pola Unión Europea e outros organismos internacionais en proxectos conxuntos no ámbito da cooperación ao desenvolvemento. Por tanto, buscarase orientar a nosa cooperación na busca de maiores complementariedades, explorando esas novas vías de financiamento internacional para proxectos que poderían levar a cabo os distintos departamentos do goberno autonómico, en asociación cos distintos axentes de cooperación.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 4 que establece que *os actores e axentes da Cooperación Galega coordinan e complementan as súas actuacións para contribuír aos resultados de desenvolvemento da cooperación española*.

- **Plan anual de avaliacións de proxectos no exterior**

Un dos obxectivos do III Plan Director é incrementar o grao de transparencia e de rendición de contas da Cooperación Galega, ao que se pretende contribuír mellorando a actividade avaliadora.

As avaliacións son necesarias por un dobre motivo:

- En primeiro lugar, son un elemento imprescindible para que a política de axuda teña progresivamente unha maior calidade e capacidade de impacto.
- En segundo lugar, porque a política de cooperación lévase a cabo con fondos públicos e é esixible, polo tanto, un exercicio de rendición de contas.

Incidindo nesta necesidade avaliadora, no ano 2014 vaise realizar a a avaliación final das intervencións financiadas na República Dominicana dende o ano 2007.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 6 que establece que a *ciudadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da Cooperación Galega na loita contra a pobreza.*

• **Contratación de persoal especializado para accións de xestión, avaliación ou seguimento de proxectos**

En aras a conseguir unha mellor calidade da planificación e da xestión das intervencións, de incrementar o grao de transparencia da cooperación galega así como de contribuír ao fortalecemento do sistema galego de cooperación, durante o ano 2014 recorreráse á contratación de empresas ou persoal técnico experto en determinados ámbitos para realización de servizos tales como a avaliación *ex ante* dos proxectos presentados ás convocatorias públicas, e a avaliación *ex post* dos proxectos financiados na República Dominicana.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 5 que establece que os *actores e axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para un maior alcance das súas actuacións.*

- **Actividades divulgativas**

Tomando coma referencia o obxectivo de realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega, a Dirección Xeral de RR.EE. e coa UE publicará o *Informe 2013 da Cooperación Galega*, que será distribuído entre as diversas institucións a nivel galego e nacional, así como entre os diferentes axentes galegos de cooperación, e será publicado na web da Cooperación Galega co fin de dar a coñecer á sociedade galega a política de cooperación que dende Galicia se leva a cabo.

Así mesmo, unha vez sexa aprobado polo Parlamento de Galicia, procederase á publicación do *III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017*.

Por outra banda, e como en anos anteriores, a Cooperación Galega sumarase á conmemoración de datas significativas para a cooperación internacional para o desenvolvemento, a través da publicación de declaracións institucionais, apoio de iniciativas doutros axentes, etc.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 6 que establece que a *ciudadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da Cooperación Galega na loita contra a pobreza*.

- **Marco normativo da Cooperación Galega**

En xuño de 2013 cumpriuse o décimo aniversario da entrada en vigor da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento. Na avaliación intermedia e final da cooperación galega recóllese unha recomendación relativa á necesidade de que a Xunta de Galicia, a través da DXRREE e UE, impulse un amplo proceso participativo de reflexión dos actores galegos de cooperación



e dos partidos políticos con representación parlamentaria para valorar a oportunidade de proceder a elaborar unha nova lei galega de cooperación.

Polo tanto, no ano 2014 iniciárase este proceso de reflexión que nace de dúas necesidades principais:

- a) Facilitar a consolidación dos procesos de modernización estratéxica e operativa da Cooperación Galega con base na experiencia e aprendizaxes adquiridas pola cooperación galega nos últimos dez anos, na axenda global de desenvolvemento e na relevancia nesta axenda do valor engadido e vantaxes comparativas da cooperación descentralizada dos gobernos subestatais, tal e como se salientou pola DXRREE e UE no ditame elaborado para o Comité de Rexións verbo do Libro Verde da Comisión Europea sobre o futuro da política de desenvolvemento.
- b) Revisar o deseño dos espazos de participación (Congacode, Cincode e Cintercode) para mellorar a súa funcionalidade, operatividade e equilibrio na súa composición, de xeito que se aumenten as oportunidades para unha maior concertación, coordinación e complementariedade entre os actores galegos de desenvolvemento tal e como se vén demandando publicamente nos últimos anos desde diversos axentes de cooperación.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 1 que establece que *a Cooperación Galega aliña o seu marco normativo, estratéxico e operativo coa axenda global de desenvolvemento.*

4. ORZAMENTOS 2014

O Goberno galego renova o seu compromiso de solidariedade coas persoas e os países máis desfavorecidos mantendo, para o ano 2014, o mesmo orzamento que no ano 2013, o que vai permitir iniciar o período de execución do III PD cunha dotación suficiente para levar a cabo actuacións en todos os eidos do desenvolvemento.

No seguinte cadro aparecen reflectidas as partidas orzamentarias previstas para actuacións de cooperación para o desenvolvemento para o ano 2014 por capítulos de gasto:

PROGRAMA 331-A: COOPERACIÓN EXTERIOR		
CAPÍTULO	CONCEPTO	CONTÍA (€)
Capítulo I	Gastos de persoal	407.973
Capítulo IV	Transferencia correntes	3.013.568
	Transferencias institucións sen fins de lucro	525.000
	Transferencias a Universidades	175.000
	Actuacións de cooperación no exterior	2.014.568
	Convenio CGONGD	90.000
	Convenio Fogacosol	40.000
	Bolsas formación en cooperación	91.700
	SS bolsas formación en cooperación	2.300
	Convenio Fondo Humanitario AECID	50.000
	Convenio SOGAPS	25.000
Capítulo VI	Investimentos reais	60.000
Capítulo VII	Transferencias de capital	661.838
	Actuacións de cooperación no exterior	586.838
	Convenio SOGAPS	75.000
TOTAL Programa 331-A		4.143.379